

ETCHEVERRÍA BRAÑAS, SALVADOR

Naceu en Ferrol o 22 de maio de 1894 e morreu en París o 23 de setembro de 1957. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1917, dedicouse á xestión dos negocios herdados dos seus pais, casando con Carmen Vázquez de Hermida. En 1924 é requerido polo xeneral Primo de Rivera para ocupar un cargo político na Coruña. En 1930 foi un dos fundadores da "Organización Republicana Galega Autónoma", ingresando posteriormente no "Partido Republicano Radical Socialista". Ocuparía o cargo de gobernador civil de León entre 1932 e 1933. Acompañará a Gordón Ordás na escisión que daría lugar a "Unión Republicana", xunto cos membros do "Partido Republicano Radical-Demócrata" de Martínez Barrio, sendo un dos máis importantes dirixentes da provincia da Coruña. Nestes anos forma parte da loxia masónica "Pensamiento y Acción, nº 11" da Coruña. Detido na Coruña durante a sublevación, consegue, nun permiso carcerario conseguido por un amigo influínte, pasar, en xaneiro de 1937, a Portugal e logo a Cuba. Nestes anos da guerra civil ocupa algún cargo en Centroamérica, entre eles o de cónsul xeral en Veracruz. Finalizada a guerra, trasládase a México, onde participa na fundación da "Alianza Nacional Galega". En 1946 é nomeado encargado de negocios da República en Guatamala ata 1947, cando este país recoñece a Franco. De novo en México, ocupa a representación da República nese país. En xaneiro de 1955 é nomeado ministro de Información e Propaganda do Goberno republicano no exilio en 1956, presidido neste momento por Félix Gordón Ordás, trasladándose a París, ata a súa morte, sendo soterrado no cemiterio de Auteuil, nun acto no que tomou a palabra César Alvajar, asistindo o presidente do Goberno, Gordón Ordás, o ministro de Gobernación, Fernando Valera, o de Xustiza, Julio Just, o presidente do Goberno de Euskadi, Aguirre, Javier Alvajar e Carlos Etcheverría, fillo do finado. O seu posto será asumido polo propio Gordón Ordás, delegando na persoa de Javier Alvajar, secretario do Ministerio durante o mandato de Etcheverría.